

2ª tempada de músicas do mundo en 4º B

1. Antía (10-12-07)

Grupo: BB Brunes

Álbum: Blonde comme moi

Canción: Honna

Puntuación media da canción polos compañeiros: **5.41**



-Non está nada mal, ten bastante ritmo e o cantante non disgusta; pero non me gusta a música foránea que non sexa inglesa (**Juan B.**).

-Non coñecía o grupo, é a 1ª vez que o escoito, non está mal; supoño que como todos os grupos ten boas e malas cancións, esta non está moi alá, pero gústame (**Leyre**).

-É unha boa canción e gustoume bastante, especialmente porque é moi breve e non se repite nada (**Carlos**).

-Era a primeira vez que oía un grupo francés e non me pareceu tan malo como oía falar da música francesa (**Jaime**).

-Non coñecía a este grupo e nunca escoitei nada igual, agradoume moito aínda que soa un pouco infantil. Gústame escoitar algo diferente do que teño acostumado ((**Miriam**)).

-Nunca antes escoitara cousa parecida, pero teño que recoñecer que me sorprendeu de forma positiva, ata estou plantexándome baixar algunha das cancións (**Julia**).

2. Elsa (10-1707)

Grupo: Andrés Calamaro

Álbum: Alta Sociedad

Canción: Flaca

Puntuación media da canción polos compañeiros: **7.44**



-Calamaro é un cantante que me encanta, aínda que pode que máis que como cantante como compositor, porque moitas das súas letras parécenme boísimas (**Andrea B.**).

-Gústame moito esta canción, eu creo que é a mellor de Andrés Calamaro. No meu mp3 unha das mellores cancións en castelán (**Begoña**).

-Xa coñecía o grupo de antes, gústame moito, esta é unha das cancións máis coñecidas e gústame moito, representa moi ben o estilo de A.C. (**Santi**).

-Esta canción mítica de Andrés Calamaro gústame moito (**Miguel**).

-Persoalmente a canción é un temazo. Ten unha letra fabulosa que só pode encaixar tan ben con esa voz gastada deste cantante (**Margarita**).

-O estribillo desta canción é moi pegadizo e fixo que estivera toda a tarde do luns pasado tarareándoa (**Julia**)

3. Iria (14-01-08)

Grupo: Kaiser Chiefs

Álbum: Employment

Canción: Every day I love you less and less

Puntuación media da canción polos compañeiros: **6.39**



O grupo non o coñecía xa que non é do meu gusto. Aínda así, gustoume a canción (**Alejandra**).

-Nunca oíra o nome do grupo, pero a canción está moi ben, ten un ritmo peculiar xa que empeza cun son como tecno pero non chega a selo. Ten moito ritmo e está moi ben (**Leyre**).

-A 1ª vez non me gustou en absoluto, despois de escoitala algunhas veces acaboume gustando. Gústame o estribillo pegadizo e ata a voz do cantante agora resúltame graciosa (**Antía**).

-Gustoume moito: son cancións alegres, de festa, cun ritmo marchoso que ao escoitar a canción sentes ganas de berrar, saltar... (**María R.**).

-Fala de temas amorosos, como o di o título, pero non é unha canción de amor convencional xa que o ritmo é moi forte e a batería sobresaie moito por enriba dos demais instrumentos (**Macarena**)

4. Julia (21-01-08)

Grupo: La Casa Azul

Álbum: El sonido efervescente

Canción: Viva el amor

Puntuación media da canción polos compañeiros: **4.54**



-A canción xa a coñecía xa que intenta imitar a cancións dos anos 60 e 70. Fala en todo momento dun gran desamor do cantante que lle afectou moito (**Andrea S.**).

-O grupo é bastante novo, o seu son pódese clasificar dentro do pop, é coñecido a nivel nacional, pero aínda así non son moi famosos (**Elsa**).

-A canción gústame moito, hai un tempo que a coñezo e segue gustándome, o mesmo que o grupo (**Juan Carlos**).

-Coñecía o grupo de antes pola famosa canción Amo a Laura. É bastante movida e ten un ritmo divertido (**Pablo**).

-Non coñecía de nada este grupo pero a verdade é que non me disgustou, a letra era moi graciosa e o estribillo moi doado (**Margarita**)

5. Leire (28-01-08)

Grupo: Christina Aguilera

Álbum: Back to basics

Canción: Ain't no other man

Puntuación media da canción polos compañeiros: **4.91**



-É unha cantautora neiorquina cun estilo definido entre o pop e o chamado R & B, ten unha gran fama mundial. Paréceme que ten melodías repetitivas e pegadizas. (**Elsa**).

-Canción bastante coñecida xa que é moi americana e parece que iso chama ás xentes (**Freddy**).

-Ao principio o ritmo parece clásico, aínda que cando comeza a letra nótase a modernidade, coma no estribillo, non me disgusta (**Juan Carlos**).

-No tema o ritmo está moi marcado pola percusión e ten claros rasgos da canción de discoteca xa que repite todo o rato o mesmo (**Macarena**).

-Esta canción gústame aínda que en xeral esta non é unha cantante que eu acostume escoitar, ten un estilo pop xunto con rasgos do soul e o jazz (**Miriam**).

6. Andrea Santiago (11-02-08)

Grupo: Mika

Álbum: Life in a cartoon motion

Canción: Relax, take it easy!

Puntuación media da canción polos compañeiros: **7.15**



-Nos últimos meses esta canción fíxose moi famosa e o seu autor converteuse nun dos máis coñecidos, quizais pola súa peculiar voz ou pola estraña temática das súas cancións (**Noemí**).

-Cando escoitei que este cantante fora cantante de ópera non me estrañou nada a súa voz, non a pode facer calquera e sobre todo un rapaz. A canción non está nada mal (**Begoña**).

-Mika é un gran cantante que apareceu hai un ou dous anos e que arrasou xerándose unha fama: o peculiar estilo e o ton de voz (**Martín**).

-Canción moi boa. Un dos mellores cantantes da actualidade debido aos seus recursos agudos (**Fernando**).

-O meu concepto deste cantante e da súa música é que está limitado ás discotecas, a verdade é que é mellor ca calquera das cancións que se poñen alí (**María M.**).

-Este grupo lémbreme moito o intercambio que houbo con Francia, xa que aos franceses lles gustaba moito MIKA (**Iria**)

7. Fernando (18-02-08)

Grupo: Linkin Park

Álbum: Noitebra

Canción: Numb

Puntuación media da canción polos compañeiros: **6.37**



-Esta canción é moi coñecida e eu desde xa hai moito tempo son moi afeccionada a este grupo. Gústame moito o ritmo porque é moito do meu estilo (**Noemí**).

-Este grupo é increíble, a calidade dos cantantes é moi boa e a canción maxistral (**Carlos**).

-Xa coñecía o grupo de antes e gústame moito. A canción é moi boa e un dos mellores hits do grupo (**Santi**).

-A canción xa a coñecía de antes e en xeral está ben aínda que é un tipo de música que ten un ritmo moi forte, con instrumentos que fan moito ruído e a voz do cantante gritando (**Pablo**).

-A canción foi ben escollida, é unha das mellores. Pero volvéronse bastante comerciais, os antigos discos foron moito mellores (**María M.**).

-É un dos meus grupos favoritos e escóitoo moi a miúdo, ademais esta canción encántame (**Iria**)

8. María Montes (27-02-08)

Grupo: The Strokes

Álbum: First impressions of Earth

Canción: You only live once

Puntuación media da canción polos compañeiros: **7.81**



-O grupo gustoume moito. A canción era unha das miñas favoritas (**Alejandra**).

-A canción é a mellor de todas as que expuxeron, é un bo grupo que se pode dar a coñecer coas boas cancións que ten (**Borja**).

-Non escoitara antes ningunha canción deste grupo que me pareceu un grato descubrimento, e en xeral, para ser a primeira escoita a canción gustoume bastante (**Antía**).

-Gustoume, rock da antiga escola cun cantante moi bo, parécese a Oasis ou aos Red Hot (**Fernando**).

-A base instrumental é bastante boa e o ritmo bo e variado. Non coñecía o grupo pero falareille a outras persoas del (**Mauro**)

9. Carlos (3-03-08)

Grupo: Joaquín Sabina

Álbum: 19 días y 500 noches

Canción: 19 días y 500 noches

Puntuación media da canción polos compañeiros: **6.6**



-A letra da canción pareceume preciosa, este tipo de cancións cun ritmo un tanto xitaniño non me gustan moito, pero tratándose dunha canción de Sabina non podo dicir que non me gusta xa que parece un grandísimo artista (**Andrea B.**).

-A canción é para min unha das mellores que ten Sabina coa de Princesa (**Borja**).

-Por fin unha boa canción española que me gusta e que se pode entender, para min a mellor canción do rock español (**Jaime**).

-É unha canción moi bonita (**Miguel**).

-A súa voz é típica dun fumador e non ten musicalidade, pero aínda así as súas cancións son moi boas. Non escoitara antes as súas cancións e lévome unha boa impresión (**Mauro**)

10. Borja (10-03-08)

Grupo: U2

Álbum: U2 18

Canción: With or without you

Puntuación media da canción polos compañeiros: **7.22**



-É unha canción moi intensa aínda que moi lenta e quizais se fai algo monótona se non se comprende ben o inglés (**Juan B.**).

-A canción comeza cun ritmo que nos recorda moito a U2 e parece algo romántica para este grupo. A medida que avanza a canción faise máis rítmica e marchosa (**Andrea S.**).

-Fenomenal, un clásico e sen dúbida unhas das mellores deste grupazo (**Freddy**).

-Teño que dicir que U2 non é un grupo para xente da nosa idade porque xa están bastante consolidados, pola contra é un grupo que me gusta moito (**Martín**).

-A verdade é que tiña un mal concepto deste grupo pero ao escoitar esta canción cambiei a miña opinión, volveireina escoitar (**María R.**)

Canción gañadora do 2º trimestre:

María Montes

Grupo: The Strokes

Álbum: First impressions of Earth

Canción: You only live once

Puntuación: 7.81

Faroliño vermello do 2º trimestre:

Julia

Grupo: La casa azul

Álbum: El sonido efervescente

Canción: Viva el amor

Puntuación: 4.54

